

DÍA DA MOBILIDADE

Onte, fixemos unha saída ao parque de San Lázaro. A excursión trataba de que naquela mañá experimentásemos a vida dun discapacitado.

Unha muller cuxo nome esquecín, explicounos o funcionamento da súa cadeira de rodas eléctrica; como e andar pola cidade, canto tarda en facer as súas cousas do día a día...

Máis tarde, foron aparecendo máis persoas en cadeira de rodas; unha muller chamada Mariangeles nos explicou que aos 18 anos quedou na cadeira de rodas. Despois unha monitora dixo que de seis en seis nos montásemos nas cadeiras. Fixemos un circuito e déronos una charla na que explicaban as dificultades na súa vida.

Conclusión:

Hai que **EMPATIZAR**, axudar o máximo e intentar facilitar a vida das persoas con discapacidades de calquera tipo.

Nicolás

Onte foi o día da mobilidades e coñecín a unhas chicas que tiñan que andar en cadeira de rodas. Deixáronos probalas para poder sentir a experiencia de como teñen que ir elas pola rúa. A verdade, non é unha sensación cómoda porque case nada está adaptado para elas, xa que se encontraron con moitos obstáculos no camiño. Non me imaxino o incómodo que ten que ser andar en cadeira de rodas pola casa. Explicáronos que discapacidades tiñan, eran todas distintas, e tampouco todas naceron coa discapacidade. Pareceume moi interesante e se agora mesmo fose a alcaldesa cambiaría algunhas cousas para que se adaptase a elas e lle resultase máis fácil recorrer as rúas.

Martina

Onte fumos de excursión debido ao día da Mobilidade. Moitas persoas perxudicadas polas terribles enfermidades que non lles permiten sosterse de pé ou outras similares, explicáronnos as súas experiencias con cadeiras de rodas manuais e eléctricas. Contáronnos a dificultade de pasear pola cidade, de montarse no autobús ou de subir ás súas vivendas ou a algúns locais. A continuación, separáronnos en dous grupos xunto cos nenos do Mestre Vide. O grupo B ao que fun eu, empezou con poñerse na pel doutras persoas discapacitadas, é dicir, pasando nunha serie de obstáculos cadeira de rodas. Ao acabar, persoas con cadeira de rodas contáronnos sobre as súas vidas. Creo que deberíamos facilitar o acceso a diferentes lugares da cidade.

Leire

Pareceume unha experiencia inesquecible, xa que agora mesmo móvome moi comodamente. Non me pareceu xusto que moitas partes de Ourense sexan inaccesíbeis para unha cadeira de rodas, como o Abanca que está en Curros Enríquez: ten unha rampla inaccesible para poder acceder dentro.

As monitoras da actividade mandáronos facer un circuío en cadeira de rodas manual.

Alí aprendín que unha persoa con discapacidade física ten moitos máis problemas ca unha persoa coma min.

No se pode comparar un problema como: “Non teño un lapis” con “Non podo entrar na miña casa”.

Paréceme que as persoas con discapacidade necesitan a axuda de todos.

María

Onte, foi o día nacional da mobilidade. Fomos ó parque de san Lázaro, onde participamos nunha actividade adicada a él. Primeiro, faláronos sobre as dificultades que supón ir en cadeira de rodas e deixáronos probalo. A min pareceume moi complicado, tendo en conta que hai buses e bancos que non teñen rampla; ata para entrar nun edificio é difícil. Aprendín que a arquitectura na cidade está pouco adaptada e hai que melloralala.

Noelia

Sáímos dende o colexio cara o parque San Lázaro. Ao chegar explicáronos que consistía en sentir o que senten cada día as persoas con mobilidade reducida.

Estivemos probando e a min, sinceramente, paréceme que sofren moito cada día. Explicáronos a súa vida.

Foi moi triste e inesperado.

Anxo

Hoxe fumos a unha excursión e coñecemos unhas persoas especiais, falaronos da súa vida e, a verdade non me gustaría pasar por ilo. Despois fixemos unha proba e creo que debe haber máis facilidades para as persoas discapacitadas. Na proba mandáronos subir unha costa e costoume, gustame saber máis deste tema e axudar se podo. As persoas que nos falaron foron moi maxas. Creo que as persoas non pensamos na outra xente que ten dificultades.

César

Onte, 18 de setembro do 2019, fomos polo día da mobilidade a unha saída á praza do parque San Lázaro onde nos encontramos a persoas con discapacidades que iban en cadeiras de rodas eléctricas e manuais, un circuío, cadeiras manuais e eléctricas sen ninguén.

Primeiro, tivemos unha charla coas dous discapacitadas que estaban, despois, fixemos o circuío coas cadeiras de rodas eléctricas e manuais.

Logo ao terminar ó circuío, volvemos á charla pero, esta vez con dúas chicas discapacitadas máis.

Por último, volvemos a clase.

Úrsula

¿Que fixemos? Ao chegar eu mesmo vin todo a xente andar en silla de rodas. Un rato despois atendeunos unha chica. Despois da explicación que nos deu, montamonos na silla de rodas. A min tocouse que me empuxara Juanjo.

Que sentín cando montei na silla de rodas? Ao principio, era divertido. Pero a medida que pasaban os minutos dinme conta que era difícil xirar e subir as beirarrúas.

A miña solución. A solución que eu daría é facer que as costas foran menos empinadas, e que o autobús puxera unha rampa no moi empinada.

Paseino moi ben. Como dixen antes, hai que facer as cousas apropiadas para a xente discapacitada.

JOAQUÍN

Onte fomos a unha excursión onde había moitas persoas con mobilidade reducida. Unha moza dividiu aos dous colexios, tocounos ir a sentarnos nunhas escaleiras a facerlle preguntas a unha moza con mobilidade reducida.

A continuación, cambiamos os postos, os do outro grupo foron as escaleira mentras nos pasabamolo ben nas sillas de rodas.

Foi bastante divertido, pero creo que deberían adaptar as cidades para que todo o mundo puidese disfrutar de Ourense.

Jonathan